

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	FRANCÉS	CURSO	2º BAC
CURSO ACADÉMICO	2022-2023	PROFESOR	ANA REGO GARCÍA
CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1			
Descrición do contido		Estándares de aprendizaxe	
B1.1 Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais (mobilización da información, identificación, distinción de tipos de comprensión, formulación de hipóteses a partir da comprensión de elementos lingüísticos e paralingüísticos...)		SLEB1.1 Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	
B1.2 Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa		SLEB1.2 Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	
B1.3 Perseveranza no logro da comprensión oral		SLEB1.3 Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	
		SLEB1.4 Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.	
		SLEB1.5 Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	

	SLEB1.6 Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.
--	--

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1 Uso de estratexias de produción oral (planificar: identificar o contexto, adecuar o texto ó destinatario. Executar: concibir a mensaxe, activar os coñecementos, expresar a mensaxe...Lingüísticos: modificar palabras, pedir axuda...Paralingüísticos: sinalar, linguaxe corporal...)	SLEB2.1 Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situación de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.
B2.2 Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas	SLEB2.2 Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media
B2.3 Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de comunicación: saúdos, felicitacións, invitacións, conversa telefónica...	SLEB2.3 Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinión e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade
	SLEB2.4 Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuado ao contexto

	SLEB2.5 Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunión de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.
--	---

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1 Estratexias de comprensión escrita: (mobilización da información, identificación, distinción de tipos de comprensión, formulación de hipóteses sobre contido e contexto ..)	SLEB3.1 Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles
	SLEB3.2 Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).
	SLEB3.3 Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).
	SLEB3.4 Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.
	SLEB3.5 Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros <i>en liña</i> ou <i>blogs</i> , na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

B3.2 Recoñecemento da estrutura das cartas formais	SLEB3.6 Entende o esencial de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).
	SLEB3.7 Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1 Estratexias de produción escrita: uso de modelos coñecidos para elaborar os propios textos	SLEB4.1 Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de raiñterese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles
B4.2 Elaboración das cartas formais respectando a súa estrutura	SLEB4.2 Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.
B4.3 Elaboración de informes expositivos elementais e breves	SLEB4.3 Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan máis importantes respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.
	SLEB4.4 Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

	SLEB4.5 Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.
--	--

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>B5.1 Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración 	<p>SLEB5.1 Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>
<p>B5.2 Patróns gráficos e convencións ortográficas (ortografía da palabra e da oración)</p>	<p>SLEB5.2 Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.</p>
<p>B5.3 Au fil des siècles: tour de France historique, découverte de monuments représentatifs de différentes époques En route: sur la route en toute sécurité, obtenir son permis de conduire, la conduit accompagnée, le permis à un euro par jour. Les journées de la mémoire: quelques événements historiques célébrés chaque année en France Les journées de la mémoire: quelques événements historiques célébrés chaque année en France La télé française Les habitudes des français en matière de télé Vacances en France: des hébergements pour toutes les bourses Une idée de vacances originale: participer à un chantier</p>	<p>SLEB5.3 Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>

<p>B5.4 Plurilingüismo: identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada</p>	<p>SLEB5.4 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>B5.5 Se justifier Consoler quelqu'un Exprimer un jugement positif Exprimer l'enthousiasme Parler de la désobéissance et de ses conséquences Parler de la circulation routière Exprimer l'indécision et l'indifférence Exprimer le but Exprimer son opinion Donner les moments essentiels d'une biographie Organiser un discours chronologiquement S'informer Faire des reproches à quelqu'un Exprimer la désapprobation Demander et donner un conseil Demander de l'aide Inciter quelqu'un à se confier Parler des conflits Exprimer la peur, l'anxiété Exprimer la surprise Marquer la logique d'un discours Parler de la santé et de la maladie Parler des examens scolaires</p>	<p>SLEB5.5 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.</p>
<p>B5.6 Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Si on désobéit... on est puni La circulation La politique et la citoyenneté Les droits des citoyens La biographie Les conflits: se disputer et se réconcilier La télé La santé et la maladie La fin de l'année scolaire et les examens</p>	<p>SLEB5.1 Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>



B5.7 Les pronoms relatifs composés

Le discours indirect
L'interrogative indirecte
La phrase hypothétique
Le gérondif
L'expression du futur
La proposition de but
La concession
La double négation
La proposition de temps
Le gérondif
La proposition participe au participe présent
L'indéfini "n'importe"
Les verbes pronominaux (au présent et au passé)
La concession
La condition
La cause
La conséquence
La concession
La proposition participe au participe passé

SLEB5.1 Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios son os contemplados no DOGA 86/2015 25 de xuño.

Realizarase alomenos unha proba escrita por avaliación.

Criterio de corrección e de valoración de exames

A ou as probas escritas terán un valor do 70% .

Na proba farase constar o valor de cada cuestión ou parte da mesma

Si se realizan dúas probas escritas, farán media para a nota da avaliación.

Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (écoute), unha pregunta de comprensión escrita, unha pregunta de expresión escrita e as outras preguntas sobre léxico, comunicación, gramática, ...

Valoración de probas orais

A comprensión e expresión oral ten unha gran importancia nunha lingua estranxeira. O alumno ten que intentar empregar unha linguaxe comprensible prestando atención a pronuncia, entoación e fonética. Haberá unha proba oral específica individual, por parellas ou en grupo. O valor da proba oral é do 10% da nota (1pt). Nesta proba valóranse: o emprego do vocabulario e expresións novas, vistas na unidade ou unidades traballadas e a fluidez coa que o alumno se desenvolve nunha situación concreta (exposta polo profesor e en relación coas unidades traballadas na clase)

Valoración dos exercicios

Os exercicios ou traballos escritos realizaranse na casa e na clase, poden ser individuais ou en grupo. Son actividades propostas no libro ou actividades on line, redaccións, diálogos, resumes, exposicións...

Valorarase a realización das actividades ou traballos e a presentación dos mesmos.

Os traballos ou exercicios que se realicen na casa deberán ser entregados na data fixada. Supoñen un 10% da nota. (1pt)

Os exercicios ou actividades orais valoraranse con 1pt (10%). Terase en conta a participación diaria nas actividades de aula ou actividades on line e o esforzo para comprender e falar en francés.

Redondeo

Cando a nota final sexa unha cifra decimal redondearase sempre cara o número natural máis próximo.

A partir do medio punto redondearase cara a nota superior en cada avaliación.

Para recuperar unha avaliación suspensa o alumno deberá superar a seguinte avaliación. No caso da terceira avaliación haberá unha recuperación para o alumno que a suspenda. A nota da 3ª avaliación será a nota final.

Aqueles alumnos que tiveron unha moi boa cualificación na 1ª e 2ª avaliación pero non alcanzaron a mesma puntuación na 3ª

avaliación, terán a posibilidade de realizar un traballo extra proposto polo profesor, e conseguir 1 punto extra na cualificación final.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 10. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (1,5pt), comprensión escrita (1,5pt), expresión escrita (1,5pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts). Tamén constará dunha pequena proba de expresión oral (co examinador ou entre dous compañeiros) (1,5pt).

Este exame escrito puntuarase sobre 10. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior.

AVALIACIÓN DE PENDENTES

Os contidos exixidos son os correspondentes os contidos mínimos do curso a recuperar.

Os alumnos con francés suspenso deberán realizar tarefas e exercicios adaptados ás súas necesidades. Estes exercicios serán os mesmos ou parecidos ós do curso que suspenderon e sacados do libro do alumno ou do cahier d'activités Entregaránselles por trimestre, de tal xeito que se os realizan correctamente conseguirán 3pts (1pt por trimestre) . O seguimento dos alumnos suspensos quedará reflexado na ficha do profesor e nas actas de departamento.

Todos os alumnos con francés suspenso do curso anterior, aparte de entregar os traballos mencionados anteriormente, teñen varias posibilidades para superar a materia:

-Presentarse ás probas de avaliacións cos alumnos do curso suspenso e se as superan terán a materia aprobada. Puntuarase segundo as normas do curso.

-Presentarse no mes de maio ao exame de pendentos con toda a materia Terán que facer o exame de maio todos os alumnos que non se presenten por avaliacións, ou aínda presentándose non acadaron o aprobado. Con este exame conseguirán un 70% da nota xa que o outro 30% é o do traballo que entregaron por trimestre.

-Se se esforzan e superan a materia do curso superior, terán desta forma tamén aprobado o curso anterior que estaba suspenso.

a. Como se elabora a cualificación final.

O 70% da nota é o exame escrito e o 30%, os exercicios entregados por trimestre. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior

b. Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 7. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de: comprensión y expresión oral (1pt), comprensión escrita (1pt), expresión escrita (1pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts).

PROMOCIÓN

METODOLOXÍA

- **Presencial**

Os alumnos de bacharelato posúen unha serie de competencias imprescindibles para a aplicación dos saberes adquiridos que foron desenvolvidas ao longo do seu proceso de aprendizaxe. O traballo está baseado no uso da lingua como motor de comunicación . Neste enfoque comunicativo, a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade que se vaia realizar. Os contidos introdúcese en función das necesidades do proceso de aprendizaxe. O traballo previo do vocabulario, das estruturas e dos contidos socio-lingüísticos, a reflexión sobre as estratexias de comunicación e aprendizaxe axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos. Os alumnos deberán manexar as estruturas gramaticais e conectores do discurso, así como un léxico máis especializado, un certo perfeccionamento na pronunciación e unha certa corrección ortográfica.

Para acadar estes obxectivos traballaremos as catro destrezas importantes na aprendizaxe dunha lingua estranxeira:

A comprensión oral por medio de audicións, exercicios de escoita, películas en versión orixinal subtituladas, etc....

A expresión oral, por medio de diálogos, debates entre compañeiros, exposición dun tema ou dunha opinión persoal etc...que lles permita aplicar os seus coñecementos lingüísticos(o vocabulario , contidos morfosintácticos) e os coñecementos socio-culturais e utilizar a lingua estranxeira como un instrumento de comunicación.

A comprensión escrita por medio de textos do libro e doutros de interese aportados polo profesor: xornalísticos, literarios etc..., que traten temas coñecidos e cun propósito comunicativo.

A expresión escrita que lle permite ao alumno reflexionar e poñer en práctica o aprendido, utilizando mecanismos de coherencia, claridade e cohesión, unha certa corrección gramatical e o léxico axeitado

Todo isto irémolo facendo dun xeito progresivo e continuado, facendo fincapé nos aspectos que resulten máis complicados e insistindo nos coñecementos anteriormente adquiridos e afondando en temas culturais que lles axuden a comprender a realidade social e a entender as diferenzas culturais.

- **Semipresencial**

1) **Confinamento de toda aula:** Traballarase coa aula virtual. consiste nunha serie de tarefas que se colgarán na plataforma asociadas a cada unidade didáctica, que o alumnado realizará individualmente e entregará nos prazos fixados. Serán tarefas nas que se traballarán a comprensión oral/escrita, a expresión oral/escrita e a gramática.

2) **Confinamento de algún alumno por corentena, entre outros:** seguirá as indicacións que fixe o profesor na aula virtual.

3) **Resolución de dúbidas :** por medio da plataforma.

4) **Probas escritas:** faranse preferentemente de forma presencial, cando sexa posible. Empregaranse os criterios de avaliación establecidos na programación, salvo que as autoridades educativas regulen outra cousa.

- **Non presencial**

Traballarase coa aula virtual do mesmo modo que no ensino semipresencial. En canto ás probas escritas seguiranse as indicacións que establezan as autoridades educativas.

Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática:

Cada semana un familiar terá que vir o centro a recoller o traballo establecido para ese período de tempo e entregará as actividades encomendadas da semana anterior, se procede. As dúbidas, resolveranse por medio telefónico no horario que indique o profesor, o teléfono do IES a Pinguela.

No caso de estar todos confinados, profesores e alumnos , para levar a cabo o seguimento do alumno, o profesor poñeráse en contacto co alumno (chamada telefónica ó centro por parte do alumno, no horario fixado para resolver as dúbidas. Si se considera preciso o profesor tamén chamará o alumno por teléfono).



Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.